



CIRCULAR POR CAMARIÑAS

Club de Montaña O Carroucho

24 de Maio de 2014

Esta ruta lévanos por unha das zonas máis emblemáticas da Costa da Morte. Por un dos sitios máis castigados polo desastre do Prestige e polo lugar onde o noso Club prestou unha pequena axuda para limpar de petróleo estas fermosas costas. Partiremos de Camariñas, vila na que a pesca e o marisqueo son a principal fonte de riqueza, contando cun importante porto pesqueiro, dentro dunha ría tranquila e pouco poboada. Nesta ruta circular sairemos preto dos restos do Castelo do Soberano e xa desde este primeiro balcón veremos a gran beleza desta ría.

Seguindo a costa chegaremos á Praia de Lago dende a que despois dunha pequena subida nos encontraremos coa Capela da Virxe do Monte. Esta atópase nun promontorio, o Monte Farelo, dende o que podemos ver fronte a nós a Vila de Muxía e o seu Santuario da Virxe da Barca tan de actualidade últimamente. É unha pequena capela do s. XVIII, construída sobre unha máis antiga e nela pedíase polos mariñeiros que se encontraban en perigo.

Continuaremos ao longo da costa por un camiño de pequenos altibaixos, por zonas moi batidas polo mar, e por lugares de nomes curiosos como o Coido do Home Morto. Lévanos un par de horas chegar de Camariñas ata Cabo Vilán no que se encontra un dos faros máis emblemáticos de Galicia, nunha paraxe espectacular. Para achegarnos a el ascenderemos un pequeno tramo de estrada. É o primeiro faro que funcionou con enerxía eléctrica de España para o que foi remodelado

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

Comezo: Camariñas
Remate: Camariñas
Distancia lineal: 24,5 km.
Duración aproximada: 7 horas
Dificultade: Media
Altura máxima: 130 m
Altura mínima: 3 m
Acumul.: ↗570 m / ↘570 m

en 1896. O seu canón de luz alcanza os 55 km. O enclave foi declarado de Interese Nacional en 1933 e hoxe en día é Monumento Natural.

Desde Cabo Vilán xa podemos ver o seguinte tramo de costa que percorrermos e que nos levará ata o Cemiterio dos Ingleses. É un tramo normalmente moi batido polo vento, e no que encontraremos os restos dun recente naufragio, curiosamente nun punto coñecido como Porto Desastre. Pasaremos pola enseada de Arneliña, bordearemos a Punta de A

Pedrosa e varias praias protexidas por formacións rochosas, e despois da Laxe dos Difuntos chegaremos á Punta do Boi, onde se encontra o Cemiterio dos Ingleses. Contra unha rocha a 600 metros da Punta do Boi foi dar o buque da Mariña Real Inglesa *HMS Serpent* o 8 de novembro de 1890.

O barco partira do porto de Plymouth rumbo a África, pero encontrouse cunha gran tormenta nestas costas e non puido atopar a referencia do Cabo Vilán. No desastre morreron 172 tripulantes do barco, salvando a vida somentes 3 deles.

Iniciaremos o regreso a Camariñas coa subida máis importante do día na que teremos unhas espectaculares vistas da Praia do Trece. O tramo que nos queda é xa todo interior. Os últimos 2,5 km. farémolos por asfalto antes de chegar a Camariñas onde, se o tempo o permite, poderemos gozar dalgunha terraza e dunha merecida bebida refrescante.



Próxima cita:

7 Xuño
Río Sor



O Carroucho
www.carroucho.org